



Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa

Unha vez analizada a situación orixinada na praza L607 de auxiliar de servizo en quenda de tarde na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, debido á renuncia da traballadora que a posuía en traslado provisional.

O Comité de Empresa, en reunión realizada o día 25 de outubro de 2011, por unanimidade dos presentes

ACORDA

Instar á Xerencia á aplicación inmediata do establecido no Convenio Colectivo:

"2.6. Sistema de traslado provisional. Con carácter previo a un concurso de traslados, e de existiren prazas vacantes nun centro de traballo que posibilitaren un cambio de quenda, os/as traballadores/as deste poderanlle solicitar á Xerencia o cambio provisorio de quenda, que será atendendo ás necesidades do servizo, ata a adxudicación de prazas do seguinte concurso.

De non existiren traballadores/as interesados/as no centro e antes de proceder á contratación temporal, a vacante deberá ser publicada na páxina web da UDC e poderá ser solicitada por traballadores/as doutros centros. As solicitudes, neste último caso, resolveranse respectando o baremo establecido no artigo 18.2 do presente convenio."

Atentamente.

A Coruña, 27 de outubro de 2011



Xosé Manuel Portela Fernández

SEÑORA XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA